



## ELECCIÓN AO PARLAMENTO DE GALIZA 2020

As “12 propostas para camiñarmos cara a sustentabilidade” están recollidas polo ecoloxismo galego para facer chegar aos diferentes partidos e coalicións políticas as necesidades de un modelo de xestión ecolóxica e sustentábel, co propósito de seren integradas na súa acción tanto de goberno como de oposición.

A amplitude da crise ambiental global, significada pola xa declarada emerxencia climática e ecolóxica, o esgotamento dos recursos naturais e o incremento das desigualdades sociais, é de tal magnitude que precisa dunha mudanza radical nas políticas a desenvolver pola Administración.

Agora e mais que nunca, tras a experiencia vivida pola situación de alarma sanitaria derivada da Covid-19, debemos ser conscientes e actuar en consecuencia a prol do coidado do noso entorno. A Natureza proporcionáanos o medio no que vivimos e os recursos imprescindíbeis para a vida, como a auga ou o aire que respiramos. Así mesmo, existe unha relación constatada por varios estudos entre a destrución da biodiversidade e dos ecosistemas e a aparición de zoonoses e novas epidemias. Así como unha relación entre os efectos do cambio climático e a aparición ou expansión das mesmas.

O confinamento humano permitiu efectos moi positivos para a biodiversidade galega e parámetros de calidade ambiental como a diminución da contaminación atmosférica.

Debemos ser conscientes daquelas actividades coas qu econtribuímos a degradar o medio natural, con forte impacto para a biodiversidade que logo acabará repercutindo inevitablemente nas nosas vidas.

Debemos cambiar profundamente o noso sistema económico ,o noso xeito de pensar e actuar, as nosas prioridades vitais, os nosos valores e o xeito no que nos organizamos como sociedade e nos mobilizamos. O Coronavirus demostrounos que o que parecía imposible agora é posible.

Xunto coa Emerxencia Climática, esta situación demanda un cambio de rumbo urxente: Non aos recortes en medio ambiente nin ao relax nas normativas ambientais, liñas desfarorecidas en pasadas crises económicas que non debería volver ocorrer.

Na man de todas e todos está o reto de favorecer unha relación de respecto e complicidade co medio que nos rodea.

# 12 PROPOSTAS PARA CAMIÑARMOS CARA A SUSTENTABILIDADE

## **1. Abandonar o carbón, reducir o consumo de enerxía e promover a socialización das renovábeis para reducir drasticamente as emisións e acadar a xustiza climática**

Transmitir á cidadanía unha mensaxe clara sobre a emerxencia climática e a necesidade de camiñar cara o decrecemento.

Revisar a Estratexia Galega de Cambio Climático e o seu plano operativo, promulgando políticas vinculantes para reducir as emisións de carbono e acadar o abandono do carbón como fonte de xeración eléctrica con efecto inmediato. Para o 2025, é necesario diminuír as emisións totais de GEIs polo menos nun 80% a respecto de 1990. As térmicas deberán pechar con efecto inmediato, e as industrias electrointensivas deberán presentar iniciativas cara modelos máis eficientes e neutros en carbono.

O peche das térmicas e o cambio nas electrointensivas deberán realizarse no marco dunha transición socialmente xusta para o que deberán ter unha tarifa eléctrica non subvencionada que repercuta o impacto real do seu consumo.

Creación dun Comité Climático Cidadán que supervise os cambios como organismo consultivo-supervisor na cuestión enerxética e de Cambio climático.

Adoptar un compromiso real cun modelo enerxético sustentábel a través dun Plano de Aforro e Eficiencia Enerxética, elaborado de xeito participativo e transparente, para reducir o consumo de enerxía en termos absolutos polo menos nun 25% en 2025. Ademais, deberá promoverse o autoconsumo, a suficiencia enerxética e o uso de enerxías renovábeis e autoxeración a nivel de usuario promovendo de xeito activo a xeración de enerxía a través de cooperativas de consumidores. No plano industrial prohibiranse os subsidios ás enerxías sucias, promoveranse as enerxías renovábeis do xeito máis descentralizado posíbel e sempre como alternativas ás enerxías sucias. Apoiar e participar nas cooperativas enerxéticas.

O Plano Eólico deberá revisarse para minimizar os impactos sobre o territorio e sobre as comunidades locais afectadas, establecendo una revisión da tramitación ambiental e do deseño dos parques non executados e unha moratoria aos novos parques. Unha nova Lei Eólica promoverá e incentivará as iniciativas das comunidades locais e comunidades de montes veciñais en man común no desenvolvemento de parques eólicos, de cara a reducir progresivamente o monopolio das grandes empresas sobre a mesma e camiñar cara unha xestión enerxética local; e priorizará o repotenciamento fronte ás novas instalacións modificando o canon para que grave a potencia instalada ou a produción en troques do número de muíños. Os beneficios económicos dos proxectos eólicos deberán reverter nas localidades onde estean instaladas, de maneira que compensen os custos ambientais e sociais da súa instalación.

O INEGA transformárase nunha axencia pública de enerxía para favorecer o acceso da cidadanía e as PEMES ao aforro enerxético e a unha enerxía de fontes renovables.

As axudas e fondos de estímulo e rescate que se poñan en marcha a raíz da crise da Covid deben estar condicionados a criterios que fomenten unha transición ecolóxica xusta, que persiga os obxectivos do Acordo de París, reverta a perda de biodiversidade e reduza as desigualdades sociais.

## **2. Descarbonizar o transporte: menos vías de alta capacidade, AVE, e máis tren de proximidade**

Reorientar as políticas de transporte e de infraestruturas do actual plano MOVE para reducir as necesidades de mobilidade motorizada, establecendo unha moratoria para a construción de novas vías de alta capacidade.

Apostar por un urbanismo que prime ao cidadán ante o coche especialmente en zonas urbanas e periurbanas. Desincentivar o uso do automóvil privado, especialmente nas áreas urbanas e metropolitanas, e fomentar os xeitos de transporte sustentábeis (peonil, bicicleta, transporte colectivo), en particular do uso do tren de proximidade, tanto para o transporte de pasaxeiros como de mercadorías. Mellorar e abaratar os transportes urbanos, e aumentar as redes de carrís para bicicletas.

Recuperar e mellorar os servizos e as infraestruturas ferroviarias actuais, o que implica rexeitar a alta velocidade estrita e a reorientar estes investimentos na creación de novos servizos de proximidade. Para acadar a sustentabilidade, o Plano Integral de Transportes debería de incluír, necesariamente, medidas para minimizar o impacto da fragmentación do territorio polas infraestruturas sobre a biodiversidade, e revertir na vertebración social do territorio ante a dispersión e o despoboamento poboacional.

Cómpre desenvolver un plano de transición xusta para a industria do automóbil.

## **3. Aplicar unha política de ordenación do territorio que limite drasticamente o crecemento urbanístico e defenda a costa**

Adaptar os novos desenvolvementos urbanísticos ás necesidades reais de vivenda para primeira residencia e de equipamentos públicos e apostar por cidades e vilas compactas como garantía de dotación de servizos fronte á dispersión e á fragmentación. Antepoñer, a rehabilitación e o uso das vivendas baleiras á construción de novas. En todo caso, as novas construcións serán da máxima eficiencia enerxética. As expansións urbanísticas en áreas urbanas serán sempre arredor dos núcleos e non suporán máis dun 10% sobre a superficie urbana e a poboación actuais.

No litoral, e para favorecer a resiliencia fronte ao cambio climático, protexeranse de forma efectiva todos os solos non urbanizados a 500 metros do mar ou a 100 metros dos ríos, impedindo novos recheos, para o que deberá reformularse o actual POL, demasiado permisivo

e arbitrario. Os planos sectoriais de acuicultura, de instalacións industriais, infraestruturas, portos deportivos etc. con afección ao litoral serán revisados para facelos compatíbeis cun ordenamento sustentábel do litoral, ficando sempre subordinados ao POL sen excepcións. Elaborarase un plano para a recuperación ambiental dos espazos ocupados por concesións dentro do Dominio Público Marítimo Terrestre.

#### **4. Ordenar a industria extractiva con criterios sociais e ambientais**

Derrogar a “Lei de Depredación” e aprobar un Plano de Actividades Extractivas que garanta o uso racional dos recursos xeolóxicos sen comprometer a saúde e o ambiente. Mentres, suspenderase a tramitación de todos os recursos solicitados.

Os materiais do subsolo aproveitaranse de forma eficiente para satisfacer as necesidades da poboación e non os intereses das empresas, sendo a prevención e o control da demanda prioritarios sobre a produción. Garantirase a participación da cidadanía na elaboración, deseño e execución da política mineira a través do Consello da Minaría de Galiza, así como a capacidade de decisión dos propietarios das terras sobre as solicitudes de dereitos mineiros.

Os aproveitamentos dos recursos xeolóxicos terá que ser compatíbel coa protección do medio ambiente, do patrimonio histórico-arqueolóxico e cultural, cos usos actuais do solo e vencellado á economía da zona. No caso de incompatibilidades, prevalecerán estes últimos sobre os aproveitamentos mineiros.

Restauración de todos os espazos degradados pola actividade mineira a cargo das empresas que xestionaron eses proxectos.

Os diferentes partidos e coalicións políticas coidarán do cumprimento da Lei da minaría na súa obrigatoriedade da restauración. Ningún proxecto mineiro debería ser admitido a trámite en explotacións mineiras pechadas, desmanteladas ou abandonadas, sen que previamente se teña autorizado mediante exposición pública un plan de restauración medio ambiental completo, coa supervisión da administración e organización ambientais.

Investigación das irregularidades en explotacións mineiras denunciadas de oficio e/ou por distintos colectivos, establecendo responsabilidades en relación aos danos provocados.

Non se autorizarán novos proxectos se non contan coas seguintes garantías, que serán extensibles a todos os proxectos de industrias extractivas e socialmente controvertidos aos que lles afecte o mesmo procedemento de AIA:

- **Garantía de transparencia.** Os novos proxectos serán accesibles á cidadanía tanto presencialmente en todos e cada un dos lugares afectados, como telematicamente. As persoas afectadas directa ou indirectamente contarán cun prazo de tempo suficiente (en ningún caso inferior a catro meses desde a súa posta a disposición pública como se indicou), podendo partir dos partidos e coalicións políticas a revisión de prazos, que poderán ser mais amplos aos actualmente estipulados para garantir á cidadanía afectada a análise de posibilidades e toma de decisións. A administración proporcionará persoal experto para explicar á cidadanía os proxectos nunha linguaxe accesible, e garantirase a participación da cidadanía nestas explicacións.

- Garantía de licenza social, que consistirá en garantir a posibilidade de establecer vías de consulta coas poboacións afectadas.
- Garantía ambiental e de restauración. A extracción de recursos estará supeditada á protección do medio ambiente. As empresas garantirán que os proxectos non teñan repercusións ambientais irreversibles e avalarán a restauración do medio. A garantía ambiental e de restauración abranguerá todo tipo de eventos, incluso os catastróficos, tendo en conta o empeoramento das condicións meteorolóxicas ante a mudanza climática. Para establecer a garantía de restauración, terase en conta que un proxecto mineiro abandonado precisa de mantemento para sempre.
- Garantía ao patrimonio. A extracción de recursos estará supeditada á protección do patrimonio histórico-arqueolóxico e cultural.
- Garantía financeira, que deberá estar constituída sempre con data anterior á presentación do proxecto e con entidades legalizadas no marco europeo e sen ningún tipo de vínculo administrativo, persoal, financeiro ou de calquera índole fiscal coa empresa ou grupo que ostente a concesión, os dereitos mineiros, ou a titularidade dos terreos.

## **5. Defender a soberanía alimentaria e apostar por un mundo rural e mariñeiro vivos**

Afortalar as alternativas sustentábeis en agricultura, gandería, silvicultura forestal e pesca, favorecendo a produción ecolóxica ou de proximidade así como a pesca artesanal. Elaborar un Programa de Desenvolvemento Rural orientado a fixar poboación, manter os servizos públicos, parar o abandono e favorecer nestas áreas iniciativas económicas baseadas en modelos sustentábeis e autocentrados.

Garantir a dotación de servizos básicos -educación, sanidade, transporte- no rural.

Impulsar as redes curtas de comercialización para mellorar os ingresos agrarios e incentivar o consumo de alimentos locais e galegos, tamén nas administracións e organismos dependentes. O modelo actual de concentración parcelaria debe adecuarse con urxencia aos criterios de agricultura sustentábel respectando a paisaxe e a biodiversidade.

Os transxénicos son incompatíbeis cunha agricultura sustentábel polo que declarárase Galiza como “Zona Libre de Transxénicos”.

Promover unha produción animal e gandeira de calidade na liña do mantemento, selección e mellora das razas autóctonas, do tratamento digno aos animais e da reintrodución e mantemento do gando no monte como garantía dun equilibrio ecolóxico, prevención de lumes e asentamento da poboación rural.

Criazón de novas reservas mariñas de interese pesqueiro coa participación directa do sector para garantir o futuro da pesca e o marisqueo artesanais. Creación de zonas de reservas en pesca, empezando polas augas do PNMTIAG. Dignificar a actividade produtiva mariñeira (pesqueira, marisqueira e acuícola), como garantía de subsistencia das actividades e do oficio dende a sustentabilidade, compatibilizándoa con outras actividades simultáneas (ocio,

educación ambiental...) para que o sector produtivo mariñeiro se implique na conservación do medio e das especies.

## **6. Parar a perda de diversidade natural e recuperar os nosos montes**

A conservación e o uso sustentábel da diversidade natural deben integrarse en todas as políticas da Xunta, especialmente nas políticas de medio rural e usos pesqueiros, forestais e agrogandeiros, dos cales depende unha porcentaxe significativa da biodiversidade.

Dotar os espazos protexidos, particularmente os incluídos na Rede Natura 2000, de ferramentas de conservación e recuperación verdadeiramente efectivas fronte á degradación e as ameazas (cambio climático incluído), para o que resulta urxente reformar e mellorar o actual Plano Director da Rede Natura 2000.

Ampliar a superficie da Rede Natura 2000 revisando as dúas propostas presentadas e nunca realizadas (2008 e 2012) para tentar acadar unha porcentaxe de representación territorial consonte á diversidade natural do noso territorio. Dotar a estes espazos de ferramentas de conservación e recuperación propias e verdadeiramente efectivas fronte á degradación e as ameazas do cambio climático, para o que resulta urxente revisar o actual Plano Director da RN2000.

Ampliar a cativa rede de parques naturais comezando pola declaración do Macizo Central Ourenán, Os Ancares, O Courel, Monte Pindo e arredores do PNMTIAG e comprometendo os medios adecuados para a súa xestión, cun papel prioritario para os habitantes locais e para as actividades económicas sustentables. Criazón de liñas de axuda económica (subvencións, créditos brandos, desgravacións fiscais na cota autonómica) para promover iniciativas sustentábeis nos espazos protexidos e no territorio en xeral. Potenciar a adquisición de terreos de especial interese natural así como a consecución de acordos de custodia coa participación de particulares e asociacións.

Posta en marcha dos planos de recuperación ou conservación para todas as especies de fauna e flora catalogadas ameazadas, incluída revisión do actual Catálogo Galego de Especies Ameazadas. Desenvolver planos de erradicación das especies alóctonas invasoras e perigosas e promover políticas preventivas e correctivas fronte ás bioinvasións.

Modificación da actual Lei de Montes e reorientación do Plano Forestal para promover a recuperación do monte galego con iniciativas sustentábeis ambiental e socialmente: moratoria para novos plantíos de eucalipto e adopción de medidas para a redución drástica da superficie existente do mesmo,, fomento da multifuncionalidade de usos, da diversidade de hábitats e especies, do arborado autóctono, do mantemento dos servizos ecosistémicos, pulo aos montes veciñais, recuperación das UXFOR, entre outras.

## **7. Implantar unha nova cultura da auga**

A planificación hidrolóxica promoverá de xeito efectivo e prioritario o aforro de auga en todos os sectores (doméstico, industrial e agrogandeiro). Para iso incorporaranse os custos ambientais á fiscalidade, para establecer unha progresividade e penalizar o desbaldimento.

Abordar a recuperación ambiental dos ríos, as zonas húmidas e rías e asegurar o cumprimento da Directiva sobre depuración das augas residuais, promovendo a implantación de sistemas descentralizados e de baixo consumo enerxético e material, e levando a cabo controis eficientes sobre os sistemas existentes.

O Plano Sectorial Hidroeléctrico debería revisarse para reducir do dano ambiental dos encoros existentes, programando a recuperación e reversión das concesións próximas a caducar e a permeabilización das infraestruturas máis agresivas.

No actual marco de cambio climático e diminución do recurso, todos os ríos con aproveitamentos hidráulicos, de abastecemento ou hidroeléctricos, deberían revisar os caudais ecolóxicos e os réximes de liberación para garantir unha a maior dispoñibilidade de auga no ecosistema.

Completar o saneamento das rías antes do remate da lexislatura, iniciando o procedemento para a súa declaración como Reservas da Biosfera. Industrias como REGANOSA ou ENCE deberán abandonar a localización no litoral.

Fomentar a cultura da auga da billa. Os edificios administrativos deben ser exemplo ofrecendo auga da billa, nos eventos públicos deberase contar con puntos de auga e a hostalería deberá dispoñer obrigatoriamente de auga de xeito gratuíto para as persoas que o soliciten. Rexeitamos proxectos baseados en redución do caudal ecolóxico e construción de novos encoros e transvases de abastecemento de auga.

## **8. Abandonar o modelo baseado na incineración e o vertedoiro, pechar a incineradora de SOGAMA, promover a redución, a reutilización e a compostaxe dos residuos urbanos**

Elaborar un novo Plano de Residuos que abandone a incineración, dea prioridade efectiva á prevención e á redución e aposte por un modelo de tratamento descentralizado, baseado na reciclaxe e na compostaxe da fracción orgánica.

Acadar para o final da lexislatura cando menos un 20% de redución en peso dos residuos xerados, establecendo instrumentos e medidas que incentiven a prevención, a reutilización, a reparación e a reciclaxe, por esta orde.

Establecer modelos de taxas por xeración que premien a redución na produción, a compostaxe e a correcta separación dos residuos.

As forzas políticas con correntes a estas eleccións deberían asumir e incorporar as propostas da Iniciativa Lexislativa Popular para a aplicación efectiva dos principios de redución, reutilización, reparación e reciclaxe de residuos en Galiza.

Debemos fortalecer a modelos económicos que camiñen cara ao residuo cero e non permitan que crise coma a da COVID volvan repetirse.

Os momentos de shock como este son aproveitados pola industria, que non dubida en utilizar esta oportunidade para facer presión ás administracións e á cidadanía en favor do seu negocio.

Aprovéitanse do medo xerado por estas situacións para, máis unha vez, propoñer supostas solucións que provocan na cidadanía unha falsa sensación de seguridade e que, lonxe de iren á raíz do problema, xeran novos problemas ou agravan os xa existentes. É o caso da industria do plástico ou a da pasta de papel, dous sectores fortemente cuestionados á entrada da crise e que non deberan saír fortalecidos da mesma.

Tendo en conta esta realidade, debemos esixir que as axudas económicas asociadas á saída da crise, non beneficien nunca á industria do plástico, da pasta de papel, dos combustibles fósiles, nin a calquera outra que entre en contradición cos novos modelos económicos a impulsar para evitar que crises como a actual volvan repetirse; modelos sustentables e renovables que camiñen cara ao residuo cero e a economía circular e que sexan responsables ambiental e socialmente.

## **9. Avanzar na democracia participativa real e no papel da Educación Ambiental na transformación da sociedade**

Crear mecanismos como un Consello galego da Educación ambiental para promover a participación dos movementos sociais nas políticas públicas potenciando o seu papel como vehículos de educación, sensibilización e transformación. Mellorar a comunicación e o diálogo entre asociacións e colectivos e a administración local.

Aplicar de xeito efectivo o Convenio de Aarhus e apoiar a Educación Ambiental (EA) como ferramenta real de transformación social cara á participación cidadá nas políticas ambientais.

Recuperar a Estratexia Galega de Educación Ambiental e incluír a EA como ferramenta transversal en todos os planos e programas da administración.

Garantir o funcionamento e a continuidade dos proxectos e iniciativas de EA actualmente en funcionamento, reforzando e impulsando os proxectos educativos que se desenvolven. Incluír de xeito efectivo a EA no sistema educativo formal como un contido propio, alén do seu carácter transversal no ensino, facendo especial fincapé no eido da mudanza climática.

## **10. Impulsar unha contratación pública e unha reforma fiscal verde**

Establecer políticas de compra pública ética, con obxectivos cuantitativos e prazos para a súa implantación, que fomenten os produtos e servizos ecolóxica e socialmente sustentábeis (comercio xusto, produtos ecolóxicos e de proximidade, comercio local, etc.), para facer da Administración un factor de promoción da produción de bens e servizos verdes.



Aproveitar as competencias fiscais galegas para penalizar os comportamentos ambientalmente incorrectos e favorecer aqueles máis acordes coa sustentabilidade. Reformaranse os actuais canons e tributos de natureza ambiental, introducindo outros novos: sobre a produción de lixo, sobre a plantación de pirófitas, sobre a industria extractiva, as grandes superficies, entre outros.

Primarase a eficiencia e gravarase o desbaldimento e as emisións contaminantes.

Os ingresos obtidos coas taxas e tributos ambientais destinaranse á recuperación dos ecosistemas naturais e ao fomento de iniciativas sustentábeis.

Criazón dunha banca pública galega orientada a beneficiar á sociedade e non a negocios especulativos e contaminantes.

## **11. Traballar na liña do ecofeminismo e coidados básicos para a vida, facilitar novos esquemas de xénero ao respecto**

A sociedade no seu conxunto (economía, tecnoloxía, tecido empresarial e social) desenvólvese partindo da base de coidados básicos para a vida. Garantir un desenvolvemento sustentábel só será posíbel poñendo o foco da acción política nos coidados básicos para a vida: o coidado das persoas (menores, maiores e dependentes en xeral), o coidado da terra (labregas) e o coidado da natureza. O protagonismo das mulleres nestes tres eidos é moi claro.

A administración autonómica debe ser sensible a esta realidade e desenvolver políticas sociais, educativas e de revalorización desas tarefas que faciliten:

- A visibilización do traballo de coidados, da súa importancia e do desigual reparto deste.
- A posta en valor social e económico dos coidados, e o establecemento de medidas de fomento dun reparto máis equitativo.
- A educación nun modelo social de respecto e coidado dos recursos naturais, no que ademais de revalorizar os coidados se promova a asunción destes por parte dos varóns desde a súa infancia.

## **12. Fortalecer a cooperación internacional para o desenvolvemento sustentábel e promover a coherencia de Políticas para o desenvolvemento**

Aumentar a Axuda Oficial ao Desenvolvemento (AOD) ata chegar a 0,2% do orzamento consolidado en materia de cooperación ao desenvolvemento, sempre co horizonte do compromiso do 0,7%.

É preciso aplicar realmente un enfoque ambiental e sustentábel dentro dos programas de cooperación, aplicar mecanismos de control de asignacións para estes fins. Ademais promoveranse os labores de cooperación de carácter ambiental, trasladando ou adaptando resultados de proxectos útiles localmente nas comunidades destinatarias, impulsando accións

que acheguen desenvolvemento, aproveitamento sustentábel de recursos e conservación da contorna.

A política de cooperación é insuficiente, por si mesma, para promover a transición cara a un mundo máis xusto e sostible. O resto da acción do goberno debe poñerse tamén ao servizo desta transformación. A Axenda 2030 de Obxectivos de Desenvolvemento Sostible demanda coherencia a todos os actores e a todos os niveis porque o mundo é transnacional: os límites entre nacional e internacional, local e global son cada vez máis difusos. Neste contexto, os gobernos, independentemente do seu ámbito de actuación, son responsables dos efectos que as súas políticas teñen sobre a cidadanía que representan, pero tamén sobre outros territorios e sobre a sustentabilidade do planeta.

É preciso que o próximo goberno da Xunta de Galicia impulse mecanismos específicos que garantan que o conxunto das súas políticas sexan coherentes cun modelo desenvolvemento humano sostible. Dende a promoción do desenvolvemento rural, o transporte, as infraestruturas e a ordenación do territorio; ata a compra pública ética, a aposta polo Comercio Xusto e a Economía Social e Alternativa; ou a educación de calidade, a promoción dunha fiscalidade xusta, a redución da pegada ecolóxica, etc. Neste senso, unha iniciativa pendente é a creación de mecanismos para asegurar a debida dilixencia das empresas galegas cos dereitos e o medio en liña cos Principios Reitores de Nacións Unidas sobre Empresas e Dereitos Humanos.

Galiza, 5 de xuño de 2020

Amigos da Terra, FEG (Federación Ecoloxista Galega, en representación das entidades que apoian esta proposta: ADEGA, ADENCO, APDR, CES, MEL, Néboa, Papaventos, Vaipolorío, Verdegaiá).